

## ANEXO III

**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**  
**DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE**  
**PROBAS CONSELLEIRO DE SEGURIDADE**

**A.- DATOS SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE TAXAS DEREITO DE EXAME**

NOME <input style="width: 95%;" type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input style="width: 95%;" type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input style="width: 95%;" type="text"/>	NIF <input style="width: 95%;" type="text"/>
ENDEREZO <input style="width: 95%;" type="text"/>	PROVINCIA <input style="width: 95%;" type="text"/>	CONCELLO <input style="width: 95%;" type="text"/>	
LOCALIDADE <input style="width: 95%;" type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input style="width: 95%;" type="text"/>	TELÉFONO <input style="width: 95%;" type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input style="width: 95%;" type="text"/>

**SOLICITO:**

A devolución dos dereitos de exame

**B.- DATOS DA ENTIDADE BANCARIA**

CÓDIGO BANCO <input style="width: 95%;" type="text"/>	CÓDIGO SUCURSAL <input style="width: 95%;" type="text"/>	DÍXITOS CONTROL <input style="width: 95%;" type="text"/>	CÓDIGO CONTA <input style="width: 95%;" type="text"/>
NOME <input style="width: 95%;" type="text"/>	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO) <input style="width: 95%;" type="text"/>		
PROVINCIA <input style="width: 95%;" type="text"/>	POBOACIÓN <input style="width: 95%;" type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input style="width: 95%;" type="text"/>	

(Data e sinatura do/da solicitante)

*Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

*Dirección Xeral de Mobilidade. Praza de Europa, 5A 2º andar. Polg. das Fontiñas - Santiago de Compostela*

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor, e se convocan para o ano 2010.*

Advertidos erros no texto da citada orde, publicada no DOG nº 252, do 29 de decembro de 2009, é necesario facer a corrección seguinte:

Na páxina 19.653, no artigo 15º.- Modificación das actividades subvencionadas, onde di: «Calquera

modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa do director xeral de Conservación da Natureza, por delegación do conselleiro do Medio Rural, logo de informe favorable do servizo provincial correspondente. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de antelación á súa realización, segundo o modelo do anexo VII», ten que dicir: «Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento apro-

bado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa do director xeral de Conservación da Natureza, por delegación do conselleiro do Medio Rural, logo de informe favorable do servizo provincial correspondente. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de antelación á súa realización, segundo o modelo do anexo VII. No caso de que a modificación afecte só a localización das parcelas en que se vai actuar, deberá presentarse xunto coa solicitude un novo anexo V debidamente cuberto coa relación das novas parcelas, e corresponderalle ao servizo provincial a súa autorización ou denegación. O silencio neste suposto terá a consideración de denegatorio».

*Orde do 18 de xaneiro de 2010 pola que se modifica o anexo da Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Patata de Galicia ou Patata de Galicia.*

O 6 de xullo publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Patata de Galicia ou Patata de Galicia.

A dita orde aprobouse ao abeiro da normativa de aplicación, isto é, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; o Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas e a oposición a elas e o Regulamento (CE) 510/2006 do Consello do 20 de marzo, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

Como é preceptivo, a dita orde incluía como anexo o novo prego de condicións da indicación xeográfica protexida Patata de Galicia ou Patata de Galicia, ao cal se lle dá publicidade deste xeito antes da remisión da solicitude de modificación aos servizos da Comisión Europea, de acordo co procedemento establecido na normativa antes citada.

Por outra banda, o consello regulador desta indicación xeográfica protexida, que de acordo co prego de condicións vai ser o órgano que realice o control e certificación deste produto, está actualmente en trámites para acadar a acreditación como entidade certificadora de acordo coa norma UNE-EN-45011. Neste proceso de preparación para a acreditación, detectouse que determinadas especificacións contidas no punto 5 (Almacenamento e conservación) da

letra E (Obtención do produto) do prego de condicións dificultan o proceso de acreditación, polo que procede modificalas.

Por todo o anterior, de acordo coa proposta do consello regulador e coas competencias desta conselleira na materia,

#### **DISPOÑO:**

Artigo único.-Modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Patata de Galicia ou Patata de Galicia.

Modifícase o punto 5 (Almacenamento e conservación) da letra E (Obtención do produto) do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Patata de Galicia ou Patata de Galicia, publicado como anexo da orde desta consellería do 25 de xuño de 2009, que queda coa seguinte redacción:

«5. Almacenamento e conservación.

Antes do almacenamento, o local que acollerá a produción deberá estar totalmente limpo e desinfectado.

Para o seu almacenamento os tubérculos estarán exentos de terra adherida, e deberán eliminarse aqueles que presenten anomalías observables a simple vista, afectados por xeadas ou con síntomas de enfermidade, e deberán sacarse fóra do local por seren importantes focos de infección.

A temperatura de almacenamento recoméndase que estea entre 12 e 18 °C, para favorecer a cicatrización. Durante o período de conservación é recomendable que a temperatura se sitúe ao redor de 6-7 °C e a humidade relativa sobre o 85-90%.

Durante a clasificación dos tubérculos é recomendable que a temperatura se sitúe ao redor dos 12 °C para evitar os danos producidos polo golpeo».

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

#### **SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 14 de decembro de 2009 pola que se dá publicidade ás subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 29 de setembro de 2009, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento dos puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal (Diario Oficial de Galicia número 196, do 6 de outubro).*

De conformidade co artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións e co Decreto lexislativo